

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac6592128304572319606.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 19-2025 PLAN DE INVERSIONES DESENV.LOCAL

DECRETO

EXCMO.SR. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, ALCALDE DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO PARA DAR COBERTURA AS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADAS DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE LUGO PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DE VARIAS ACTUACIÓNS NO CONCELLO DE LUGO. ANO 2025.

Visto o expediente tramitado para modificar o plan de investimentos dentro do vixente orzamento do exercicio 2025, tendo como finalidade é a cobertura das obrigas de carácter económico derivadas do CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE LUGO PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DE VARIAS ACTUACIÓNS NO CONCELLO DE LUGO. ANO 2025.

Vista a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento Xeral, solicítase modificación do Plan de Inversiones por parte do servizo de Desenvolvemento local mediante informe asinado pola xefa do servizo, Isabel Villamor Cabado, coa conformidade do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, don Miguel Fernández Méndez, do 02.07.2025:

“Tendo en conta que no PLAN DE INVERSIONES 2025 no Código de Proxecto 25XX00022, figura una previsión inicial de 200.000 euros, na aplicación orzamentaria 24100.60900, con cargo ao préstamo 2025, para financiar investimentos do proxecto EDIL, solicitado ante o Ministerio de Hacienda.

Tendo en conta que a día de hoxe, non hai resolución administrativa de concesión do proxecto EDIL, e aínda que se recibise resolución favorable nestes días, non sería posible iniciar actuacións de investimentos antes do último trimestre de 2025, xa que con carácter previo é preciso aprobar os instrumentos que o Ministerio facilite para a debida xestión destes fondos, así como aprobar en XGL a execución do proxecto co seu orzamento definitivo e as correspondentes anualidades”

Solicítase a seguinte modificación orzamentaria:

A modificación do PLAN DE INVERSIONES 2025, no Código de Proxecto 25XX00022, minorando un importe de 50.000 euros na aplicación orzamentaria 24100.60900, para ser destinados ao CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE LUGO PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DE VARIAS ACTUACIÓNS NO CONCELLO DE LUGO. ANO 2025, con CÓDIGO DE PROXECTO: 252410002, aplicación orzamentaria 24100.60900 manténdose no obstante o anterior, invariable a aplicación orzamentaria”

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, en concreto o informe da Intervención Xeral Accidental Ref: 1081/2025, do 04.07.2025, de carácter favorable, e no que se conclúe a necesidade de elevar á Xunta de Goberno Local, cando menos, a proposta de modificación do financiamento relativo á aportación municipal ao Plan de actuación “Novo Norte”

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente e sobre a base das atribucións

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac6592128304572319606.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 19-2025 PLAN DE INCREMENTOS DESENV.LOCAL

conferidas a esta Alcaldía, en virtud do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 50.000 €, para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>PROXECTO QUE CEDE CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE</u> €	<u>PROXECTO QUE INCREMENTA</u> <u>CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE</u> €
25XX00022 Aplicación orzamentaria 24100.60900	50.000 €	252410002 Aplicación orzamentaria 24100.60900	50.000 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	50.000 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	50.000 €

SEGUNDO: Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.